



ASUNTO: DESESTIMACION DE SOLICITUD CAMBIO DE DATA PRIMEIRO EXERCICIO PROCESO SELECTIVO 3 AXENTES DE POLICIA LOCAL

En relación co escrito presentado por JUAN JOSE CELA LÓPEZ, con data 18/02/2021, con base nos seguintes:

Feitos

1º.- Por resolución da Alcaldía de data 09/02/2021 procedeuse á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado polo Concello de Monforte de Lemos para a provisión, en propiedade, de tres prazas de axente da Policía Local.

2º.- Na citada resolución sinalábase como data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo o día 26 de febreiro de 2021, ás 10.00 horas.

3º.- Con data 18 de febreiro de 2021, don JUAN JOSE CELA LÓPEZ, presenta solicitude contra a Resolución citada no apartado anterior no que, en síntese manifesta a improcedencia da convocatoria para o citado día 26 de febreiro de 2021, do primeiro exercicio, xa que ese mesmo a AGASP, convocou para a realización do primeiro exercicio do procedemento selectivo, na convocatoria unitaria.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O principio de autonomía das entidades locais está recollido no art. 140 da Constitución Española de 1978 que establece que: "A Constitución garantiza a autonomía dos municipios. Estes gozarán de personalidade xurídica plena.

Segunda.- Na determinación da data de exame respectouse o establecido na normativa de aplicación, en concreto o disposto para eses procesos no Artigo 32. Principios do sistema de selección da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, no art. 15 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado e, en fin, no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

Terceira.- A determinación da data de exame non vulnera os principios básicos de acceso ao emprego público recolleitos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Cuarta.- En ningún destes textos normativos establécese limitación algunha en canto á determinación do día e da hora a celebrar os exames para o ingreso na función pública, fixándose dita data, unicamente, en función das necesidades e disponibilidades do Concello de Monforte de Lemos, respectándose, en todo caso, os dereitos dos opositores.

Por todo o exposto e en virtude das atribucións que me confire o art. 21 apartado a da Lei 7/1985, de 2 de abril, das bases do réxime local e o art. 61 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

Desestimar a solicitude presentada por don JUAN JOSE CELA LÓPEZ, contra o Decreto da Alcaldía de data 09/02/2021, polo que se procedeu á aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento do

CSV: 07E50006C29300C3T3A5X0W6K0



DOCUMENTO
DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50006C29300C3T3A5X0W6K0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 19/02/2021 JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 19/02/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/02/2021 13:29:12

DECRETO: 2021000247
Fecha: 19/02/2021
Hora: 13:29
Persona 76561868C





tribunal e determinación da data, hora e lugar de celebración das probas selectivas para a provisión, en propiedade de tres prazas de axentes da policía local de Concello de Monforte de Lemos.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario

CSV: 07E50006C29300C3T3A5X0W6K0



DOCUMENTO
FIRMADO
DIGITALMENTE
La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E50006C29300C3T3A5X0W6K0
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DECRETO: 2021000247
JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente	- 19/02/2021	Fecha: 19/02/2021
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario	- 19/02/2021	Hora: 13:29
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/02/2021 13:29:12		Persona 76561868C

